Proxecto de investigación
Estudo dos ecosistemas, as egagrópilas

Os ecosistemas están formados por moitos organismos e non sempre resulta sinxelo coñecer cales e cantos son. Hai moitas formas de analizar estes datos: cámaras, excrementos dos depredadores... Neste proxecto proponse o estudo das egagrópilas das aves.

Algunhas aves regurxitan restos de alimentos como espinas de peixes ou cabezas de roedores, son as egagrópilas. Moitas aves mariñas liberan egagrópilas pero non resultan fáciles de recolectar porque non as acumulan en ningún lugar concreto. As rapaces nocturnas si que nos facilitan o traballo. Estas aves cazan e descansan todos os días no mesmo lugar, só necesitamos localizalo e recoller as egagrópilas.

Dominio público

1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.
   Onde podemos atopar egagrópilas na nosa comarca? Normalmente cerca de edificios abandonados ou igrexas. Pregunta á xente maior, seguro que ademais de escoitar interesantes historias rematas atopando un bo montón de egagrópilas.
2. Buscamos información.
   Que ave é a responsable das egagrópilas? Que caza e cando caza? ...
3. Propoñemos unha hipótese de traballo.
   Investigamos os roedores da zona, a comida máis habitual das rapaces nocturnas. Imos analizar que roedores hai pola zona e cales son máis abundantes.

4. Realizamos un deseño de investigación.
   O primeiro que necesitamos é secar as egagrópilas.
   Unha vez secas separaremos os cranios dos roedores dos demais restos.
   Chega o momento de analizar que roedores aparecen nas egagrópilas e en que cantidade.



5. Resultados da nosa investigación. Que roedores hai na zona? Cales son os máis abundantes?...
6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (tes máis información no apartado do método experimental)
7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.